

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº101/ Ano: 2025 / 1º xornal Mes de febreiro/ Estado de entroidada

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Material etnográfico-marítimo para o Centro de Visitantes.

Páx. 1



Anxo Cabada presentando no Museo do Pobo Galego o documental "A última dorna de Ons".

Páx. 2

Charla de José M. Dopazo en Bueu sobre o entroido na Illa de Ons. Un evento interesante a celebrar na Illa.

Páx. 2



Certame de Investigación "Arturo Sánchez Cidrás". Unha interesante idea para a divulgación etnográfica de Ons.

Pax. 3



Máis prazas para as actividades inverniais do Parque.

Páx. 3



Varias curiosidades sobre Ons e proximidades neste principio de ano 2025.

Páx. 4



Reivindicando unha Ruta Xacobeá Marítima das Illas Cassitérides.

Páx. 5



Que pasou co radar de Ons? É seguro?

Páx. 6



Está a volver a vida mariña ás rochas de Ons? Cal será o motivo?

Páx. 6



O Faro de Ons, segue á espera do seu futuro.

Páx. 7

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS (23/01/2025)

Esta suxestión está referida ao último Onstopus 100B, con respecto ás novas do *Alfolí* e sobre a *etno-arqueoloxía* de Ons: “Tino. Muchas gracias por el envío de Onstopus, que está lleno de interesantes noticias: como la que habla del alfolí de Pontevedra. Es que esperar que la sensibilidad de las autoridades encargadas del Patrimonio de Galicia, así como el Ayuntamiento de Pontevedra, hagan todo lo posible por evitar que ese edificio histórico sucumba a manos de la ignorancia, pues hay que valorar la enorme importancia que han tenido los alfolíes en la historia marítima de Galicia desde muchos años antes de la llegada de los catalanes. Sería de agradecer la creación de un museo didáctico que mostrara el significado de la sal, por lo menos desde los tiempos de los romanos. En Galicia quedan aún varios edificios en los que se almacenaba la sal, pero creo que en ninguno existe un museo.

Muy interesante es también lo que has averiguado sobre el pitambón, una pieza más para enriquecer el Museo de Ons. Esperemos que en el faro de Ons se cumplan tus deseos, que creo que son también los de la mayoría de las personas que se interesan por la isla de Ons. Fernando Alonso Romero. (Catedrático, historiador e investigador. No seu momento creou a Sala do Mar do Museo do Pobo Galego).

Prezado Fernando, agradezo moito as túas palabras que, a carón de dar ánimos para seguir con este minixornal, proporcionan un halo de notoriedade a esta publicación. Con respecto ao Museo de Ons (Centro de Visitantes) comentarche que no 2008 realizamos unha exposición fotográfica nas antigas escolas da Illa. Contamos coa axuda de Parques e acudiu á inauguración o seu Director, José A. Fernández Bouzas. Na súa disertación deu unha boa nova, nese edificio das escolas ían a comezar as obras para facer o Centro de Visitantes; unha importante noticia pola que, tanto ti no ano 1980 e Pineiróns máis eu durante os 29 anos posteriores, levamos unha reivindicación anual continua.

Cando a remataron e contrataron a unha empresa, vasca, para montar o centro-museo eu, que tiña unha importante colección de aparellos de pesca, sobre todo de Ons, enviei un escrito con fotografías a Parques ofrecendo toda esa colección para o Centro. Non desaproveitaron a oportunidade e enviaron á miña casa aos responsables, vascos, da montaxe. Encantoulles todo o material que tiña e o ben que estaba conservado e exposto ao longo de toda a vivenda, pero, eran expertos na montaxe de museos, pero non tiñan nin idea de para que servía todo ese material pesqueiro que eu colleccionará durante anos, polo que, tiven que estar explicándolles a súa utilización e a importancia que tiña etnográficamente. De nada serviu, colleron catro cousas, e o demais quedou na casa, incluída unha importante colección malacolóxica perfectamente clasificada. Menos mal que, segundo parece, os guías de Parques ilustráronos un pouco máis e explicáronlles a importancia deses materiais que levaron e que agora están expostos no C. de Visitantes. Todo o demais, cando me xubilei, doeino ao Museo da Salga de O Grove, en Punta Moreiras, que quedaron abraizados de que todo ese importante material, non o quixeran en Ons, casualmente, de onde procedía máis do 70%.

É por iso que pensar en enriquecer o Centro de Ons, cando os que o dirixen non teñen nin a máis mínima intención de facelo, e sabendo que aínda queda material interesante por algunha casa auniense, que queres que che diga!!!

Algún día virá un bo *Dinamizador*, interesado por todas as peculiaridades aunienses, e quere facer algo, pero xa non haberá nada. Só espero que, cando iso ocorra, digan con nomes e apelidos, quen foron os responsables.

Así que pensar en que, o PANDULLO, como outras artes de pesca utilizadas na illa, pasen a forma parte da sala dedicada a etnografía marítima no Centro de Visitantes de Ons, é unha quimera pola que chorarán os descendentes dos veciños aunienses, cando lles pregunten por algún aparello de pesca xa desaparecido da Illa e non teñan nin idea do que lle falan, porque os responsables actuais da xestión do Parque, non se preocuparon, no seu momento, de conseguilos, arranxalos se o necesitaban, catalogalos, poñelos a disposición dos investigadores para unha mellor descrición e clasificación,..., expoñelos e protexelos.



Nas fotos, algún dos materiais pesqueiros que foron doados por Tino Pardellas ao Centro de Visitantes

**NOTA EXPLICATIVA:** Por dúas veces utiliceei a palabra “vasca-vascos” por un detalle especial. Resulta, que para as subvencións da Consellería de Medio Ambiente, só permiten proxectos do que chaman “zona de influencia do Parque”, é dicir: Bueu, Ribeira, Vigo e Vilagarcía, sen embargo para realizar eles algunha obra importante, recorren a calquera lugar de España buscando, supoño, unha empresa especializada, pois iso redundará en beneficio da obra e do Parque. Para as subvencións, non miran o beneficio do Parque con bos proxectos que poden aportar dende a provincia, comunidade ou estado, só admiten ás dos catro municipios aos que pertencen as illas. Toda unha incongruencia das cabezas pensantes da Xunta de Galicia.

## DOCUMENTAL “A ÚLTIMA DORNA DE ONS” (26/01/2025)

O sábado 25 de xaneiro, proxectouse no Museo do Pobo Galego o documental realizado por Anxo Cabada e Antón Davila sobre a Illa de Ons e a Pesca Tradicional do Polbo.

Como en todas as presentacións realizadas desta reportaxe, a asistencia de público foi moi importante, podendo asegurar que en todas houbo un cheo total onde se proxectaba.

De aí sacamos a conclusión da transcendencia que ten a cultura das illas que conforman o único Parque Nacional Galego, en especial, sobre a parte etnográfica.

Non me cansarei de aproveitar calquera ocasión para solicitar aos organismos correspondentes e, en especial, aos que teñen responsabilidades nas illas do Parque, para que apoiem proxectos, para investigar a cultura popular destas illas, pois de non facelo agora, perderase para sempre.

*Foto: Anxo Cabada, nun momento da presentación do documental.*



## CHARLA SOBRE O ENTROIDO EN ONS

Resultou moi interesante a charla-coloquio que o investigador J. Manuel Dopazo realizou o pasado 25 de xaneiro en Bueu sobre como se desenvolvía o Entroido na Illa de Ons ata o ano 1975.

A súa idea é que esa tradición, importantísima dentro da Cultura Popular desta Illa, pertencente ao único Parque Nacional galego, non quede esquecida, e que se poida revitalizar este ano na propia illa. Dopazo, fixo un magnífico proxecto ao respecto, só esperamos que Veciños, Concello e Parques colaboren.

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2025/01/25/excepcional-entroido-ons-practicas-lugares-diversos-113685163.html>

*Fotos: Dous momentos da presentación. Adri Ferrer.*



# DESCUBRINDO AS Illas atlánticas

APÚNTATE ÁS RUTAS GUIADAS CO EQUIPO DE GUÍAS DO PARQUE NACIONAL



**CIÉS, UNHA VIAXE NO TEMPO**  
Xoves 14 de febreiro  
Saída de Vigo ás 10h e regreso ás 16:45h  
Transporte 20€. 20 prazas



**ONS, A ILLA E O MAR**  
Sábado 15 de marzo  
Saída de Bueu ás 10h e regreso ás 17:45h  
Transporte 15.5€. 20 prazas



**SÁLVORA, ILLA DE ESCULTURAS E LENDAS**  
Domingos 9 e 23 de marzo  
Saída de O Grove ás 10h e regreso ás 15h  
Transporte 20€. 20 prazas



**CORTEGADA, O SEGREDO DUN BOSQUE NO MEDIO DO MAR**  
Sábado 22 de febreiro dende Vilagarcía, 10€. 14 prazas  
Venres 4 de abril dende Carril, 13.5€. 15 prazas.  
Saída ás 10h e regreso ás 13:45h

RESERVAS E INFORMACIÓN:  
[www.illasatlanticas.gal/actividades](http://www.illasatlanticas.gal/actividades)  
@iatlanticas@xunta.gal 886 218090/82

XUNTA DE GALICIA

## PARQUE NACIONAL ACTIVO (4/02/2025)

Seguimos sen entendela. Un ano máis os responsables do Parque Nacional volven a caer no mesmo erro. Queren desestacionalizar, pero sen embargo, non fomentan o coñecemento das illas nas tempadas de outono a verán. Como poden comprobar o número de prazas para visitar nestas épocas o Parque é ridículo, 20 prazas ás illas maiores e 15 á máis próxima ao continente.

Case anualmente preparan e forman Guías, pero, para que? Eses Guías, xunto cos oficiais do Parque, poderían facer prácticas con estas Rutas oficiais, por iso, en cada saída, poderían ir dous/úas ou tres Guías e con grupos de 25 persoas, poderían facer esas Rutas cun mínimo de 50 persoas e un máximo de 75, en grupos de 25.

Estes grupos, poderían organizarse de tal forma que poderían visitar a illa correspondente de tal xeito que non se entorpezan entre elas e así participarían máis persoas nesas Rutas.

Sigo dicindo que falta un bo *Dinamizador* que sexa quen de organizar mellor a **ACTIVIDADE** no Parque. Coidabamos que co cambio de Directora Xeral de Patrimonio Natural, algo cambiaría, pero todo segue igual. Aceptan case 2000 e 1400 persoas diarias en verán nas illas maiores e nesta tempada, só 20. Ridículo.



**VOLTA Á ILLA DE ONS**  
20 25  
27 ABRIL

**CARREIRA 19K ANDAINA 10.5K**

PATROCINADORES: nabia NAVIERA, ONS EN LOITA, FRUTA, PIRATA

COLABORA: PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA, REDES SOCIAIS, CCONORTE.COM

Un ano máis o club Corredoiras de Bueu vai celebrar na Illa de Ons a Carreira pedestre “Volta á Illa de Ons”. Paralelamente tamén haberá unha andaina.

Unha proba interesante e dura, que porá a proba aos corredores/as que participen. Ao mesmo tempo, pode ser un bo día para gozar, se o tempo o permite, dunha xornada diferente e, a carón de seguir a proba, dar un paseo pola illa nunha estación distinta á etapa estival. Coido que paga a pena ir e deleitarse dunha paisaxe primaveral.



Líamos en Faro de Vigo que un concelleiro de Bueu propoñía unha grande idea, como é, crear un **Certame para investigadores** e que levara o nome do, recentemente nomeado, Fillo Adoptivo de Bueu, **Arturo Sánchez Cidrás**.

Comenta o concelleiro: “Tendo en conta que estamos ante o mellor momento para que botemos a andar unha iniciativa que busca fomentar nos novos investigadores o espírito que tivo Sánchez Cidrás: contar a historia e as tradicións do pobo”.

Unha interesante idea parecida á que PineirÓns e eu mesmo levamos anos pedindo a Parques e ao concello de Bueu.

En diferentes ocasións solicitamos que se creara, por parte do concello, unhas axudas especiais para investigadores sobre a Illa de Ons, en especial, sobre a etnografía que está piques de desaparecer.

Cando solicitamos actuacións do concello en Ons, sempre xorde a mesma expresión: <Non temos competencias>. E así levan anos para pouco realizar nun arquipélago que pertence ao seu municipio.

Se non poden levar a cabo inversións en servizos, que polo menos o fagan en Cultura, e unha idea sería organizar un Certame como propón un dos concelleiros dese concello, ou, outras ideas como: O día do libro de Ons, Días das Letras de Ons, Axudas específicas para investigación histórica, etnográfica,...

# Curiosidades en Ons e proximidades



Choco de excelente tamaño que o noso amigo Alvarito pescou na Ría de Vigo. Alcanzou máis dos 3 kg e dará para unha boa caldeirada coa súa tinta e arroz. Comentou que habería que facer outro minixornal co nome de *SepiOns*. Collemos a idea.

No número anterior de Onstopus falaba de etnoarqueoloxía e ensinaba varios aparellos tradicionais de pesca, empregados en Ons, que usaban pedras por diferentes motivos, polo xeral, para que ese aparello fose ao fondo.

Nomeaba nasas de madeira, que as usaban antes de poñerlle chumbo ou cemento e agora, *Waru Camawei*, pásame esta nasa de vimbios que tamén usaban pedras para pódelas fondear.

Como dixen, materiais interesantes para estar expostos no C. de Visitantes na sala de etnografía a carón da dorna e con paneis explicativos.



Descubertas novas pegadas de londra na praia de Melide en Ons.

Como sempre as ollamos preto da orella na area mollada, non sabemos cantas poden estar usando ese espazo como hábitat. O importante é que volven a Ons despois de anos sen aparecer.



## Praia de Melide. Ons.

Cando estaba a piques de rematar a anterior tempada, sacaron os postes que separaban a praia das dunas e que evitaban o paso das persoas para non deterioralas. Este mes de febreiro comprobamos que puxeron outras novas que, co aumento de area, parecen máis pequenas que as antecesoras.

## ALGUNHAS CURIOSAS SUXESTIÓNS QUE ENVIARON

Con respecto ás promesas que o Presidente da Xunta, *Sr. Rueda*, fixo en Ons hai xa 3 anos, onde varios millóns de euros ían ser investidos na illa:

- "Como dis, prometeu montes e moreas, pero como é costume nel, nin un euro en Ons en servizos".
- "Eu estiven presente cando escribiu a promesa na area da praia en marea baixa".
- "Cansados estamos de promesas incumplidas".
- "Vai para dous anos que ían a reformar a zona de Curro. Ti viches algo?"
- "Como dis moitas veces: -á nosa idade non podemos crer nos Reis Magos-. O PP sempre esqueceu a illa de Ons".
- "Unha boa parte dos veciños, votan PP para a Xunta, e logo danlle polo...."
- "A única inversión, foi cortar eucaliptos e despois non saber que facer con eles".



## ONS NA MEMORIA

Alá, a finais dos 80, apareceron en Ons unha parella de cegoñas.

## RUTA XACOBEA MARÍTIMA DAS ILLAS CASSITÉRIDES (I)

Vai ser a partir de 1993 cando os Camiños de Santiago comezan unha nova etapa, contando cun programa cultural e turístico para dinamizar este evento.

Os Camiños principais, naquel ano, eran: Francés, Portugués, Primitivo, Inglés e Vía da Prata. Coñecíanse outros máis, pero eran menos utilizados ou, polo menos, pouco frecuentados, entre eles estaba a *Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla*. Por aquelas datas, estando eu de mestre no Grove, organizamos no colexio Rosalía de Castro, varias actividades ao respecto e, entre outras tarefas escolares, planeamos unha excursión marítima dende O Grove ata Pontecesures, coa empresa Turimares (Cruceiros do Ulla), que resultou interesantísima, sobre todo, no traxecto fluvial dende a Illa de Cortegada ata Pontecesures, onde os rapaces e mestres/as, coñeceron unha paraxe natural e histórica interesantísima. Foi nese intre, cando decidín comezar unha reivindicación para que, a Ruta Xacobeá Marítima, se ampliara, polo menos en Galicia, á singradura que, como conta a lenda, levaron os discípulos do apóstolo Santiago para trasladar o seu corpo na súa barca de pedra, e que no derroteiro galego, comezaría na desembocadura do río Miño, na Garda, e iría bordeando a costa, pasando e facendo escala, obrigatoria, nas illas atlánticas que hoxe forman o Parque Nacional. A idea era que, ao igual que as outras Rutas terrestres atraían a un bo número de peregrinos camiñando, aquí o fixeran navegando, aproveitando, sobre todo, a etapa estival, para coñecer os pobos costeiros galegos, as rías e o seu importante patrimonio cultural. Coidaba que só pechalo á ría de Arousa e río Ulla, e ao pouco empuxe que tiña, con só a celebración dunha xornada cunha navegación marítima dende distintos puntos das dúas marxes da ría de Arousa, quedaba pobre e non animaba nin estimulaba a unha peregrinaxe, verdadeiramente marítima, seguindo o itinerario do apóstolo.

Mandei varios escritos a concellos que tiveran que ver con esa Ruta proposta: Garda, Baiona, Cangas, Bueu, Grove,..., tamén algunhas notas de prensa e contactei con varias asociacións culturais deses municipios, pero todo quedou en nada. Foi no ano 1998, cando formamos a Asociación Cultural “**Pineiróns**” que, entre os obxectivos desta, estaba o fomento da Ruta Xacobeá Marítima das Illas Cassitéridas, vinculándoa á Illa de Ons e ás demais illas que dende a Garda ata Cortegada os peregrinos nautas ían ir atopando na súa singradura xacobeá e, polo menos nas illas maiores: Cíes, Ons, Sálvora, Arousa e Cortegada tiñan que selar a Compostela, na propia illa ou no concello ao que pertencera; e ata chegamos a incluír, para darlle unha representación máis interesante, as Illas interiores das rías: Toralla e San Simón na de Vigo, do Santo e Tambo na de Pontevedra e Rúa na de Arousa.

Intentarei en varios Onstopus dar conta desta idea, que nun principio, poden ir consultando nestes artigos da revista cultural AUNIOS que edita a Asociación Pineiróns:

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/04/011\\_04\\_AsociacionPineirons.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/04/011_04_AsociacionPineirons.pdf)

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/06/006\\_06\\_AsociacionPineirons.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/06/006_06_AsociacionPineirons.pdf)

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/08/006\\_08\\_AsociacionPineirons.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/08/006_08_AsociacionPineirons.pdf)

[http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/09/023\\_09\\_AsociacionPineirons.pdf](http://bueu.esy.es/Revistas/Aunios/09/023_09_AsociacionPineirons.pdf)



**Esquerda:** Moeda única da traslatio atopada nas escavacións de Adro Vello (San Vicente-O Grove) no ano 1985 e que se atopa no Museo das Peregrinacións. **Dereita:** Cruceiro no atrio da igrexa de Curro (Illa de Ons).





**RADAR DE VIXILANCIA**  
 Hai anos, cando Interior instala este radar a carón do Faro, solicitamos que se fixera un estudo por técnicos conforme non resultaban daniñas para a saúde as radiacións que podería producir. Dende Parques contestaron que non, e ningún outro organismo, perito ou inspector, que saibamos, fixo unha supervisión do tema. Neste mes de febreiro mandáronme esta foto onde se ve que o radar non está no seu sitio e que o pequeno edificio está nun estado bastante lamentable.

**VOLVE A VIDA ÁS ROCHAS DE ONS?**

Máis de 10 anos levamos dicindo que as rochas da zona leste de Ons estaban sen vida, é dicir, non había mexillóns, arneiróns, lapas,... Como sempre facemos, dimos as nosas opinións e suxestións no canto de pedir axuda técnica que dera unha explicación a este raro suceso. Nin dende Parques, nin dende a Consellería de M. Ambiente, nin dende a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, deron resposta; nin tan sequera, sabemos se tomaron algunha medida para que especialistas investigaran este estraño e significativo problema ambiental. Nós, dende a nosa modesta opinión, pensamos que unha posible causa sería a saída ao mar das augas da depuradora, pois quizais, algún produto do que se lle bota, podería estar danando o ecosistema. Non contestaron nunca. O increíble é que, dende que non funciona a depuradora, por estar en proceso de substitución, a vida volveu a esas rochas.

*Terá algo que ver?*



Cable danado polo temporal. Dentro do círculo en vermello


**TEMPORAIS, CICLOXÉNESES, DANAS,...**

Ons, en pleno Océano Atlántico, está exposta a todo tipo de incidencias meteorolóxicas. Non sei se ten que ver algo, pero dende que se automatizou o Faro, en cuxo recinto está unha estación meteorolóxica, non temos datos sobre a Illa de Ons, que antes si aparecían nos medios. Pois ben, non sei se foi Herminia ou Ivo, o caso é que algunhas árbores caeron e, segundo parece, pola falla de revisión, un dos cables que subministran luz ás casas de Ons, estaba afectado, o que provocou que, cando chegou unha familia a pasar un par de días, tiveron que estar, unha das noites máis frías ata o de agora, sen luz nin calefacción, ata que, ao día seguinte, o Garda Forestal buscou solución ao tema.



# FARO da ILLA DE ONS

## O OCASO dun COLOSO



*Vexo a néboa  
achegarse cara a min.  
Pero non é a meteoroloxía  
o que me desacouga,  
é a abulia e o desleixamento,  
dos que tiñan que preocuparse  
do meu futuro, o que me arrequiza.*